

OS FEITOS NAS INVESTIGACIÓNS ARQUEOLÓXICAS DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Eduardo Méndez Quintas

Instituto de Estudos Miñoranos-Clube Espeleolóxico Maúxo

LIMIAR

No ano no que os galegos agasallamos a Xosé María Álvarez Blázquez co Día das Letras Galegas, non temos máis que axeonllarnos ante o seu xenio creador e investigador. Como poderemos comprobar noutras partes destas actas, Álvarez Blázquez destacou en múltiples aspectos da cultura do país, entre a que destaca a Prehistoria e a Arqueoloxía. Tendo en conta a calidade das súas investigacións e a importancia de moitos dos seus descubrimentos, debemos considerar a Álvarez Blázquez como un dos arqueólogos galegos de maior proxección da segunda metade do s. XX, e a figura fundamental, do desenvolvemento moderno, da arqueoloxía de Vigo e a súa bisbarra.

Por todo isto, consideramos de xustiza eloxiar as investigacións arqueolóxicas de Álvarez Blázquez, pero para poder valoralas na súa xusta medida primeiro debemos coñecelas polo que pasamos a describilas máis polo miúdo¹.

OS INICIOS EN TUI

Sabemos que as primeiras achegas de Álvarez Blázquez á arqueoloxía do país datan dos anos 1933-34. A súa estreita relación con Manuel Fernández Costas e o seu grupo Ultreia frutificaría na realización de diversas “exploracións” arqueolóxicas na bisbarra de Tui. Os materiais recuperados formaron parte dun pequeno museo, que atoparía efémera sede, nas dependencias do Instituto de 2ª Ensinanza de Tui. Desgraciadamente a súa vida foi bastante curta, xa que coa barbarie asasina da Guerra Civil, en 1936, o Instituto foi clausurado e os materiais arqueolóxicos foron “conservados” nunhas dependencias municipais. Tempo despois, e como o propio Álvarez Blázquez nos narra, serían recuperados por el mesmo:

Os obxectos conservados no “Museo” puideron ser trasladados a unha ruínosa dependencia propiedade do Concello. Autorizado amablemente polo Sr. Alcalde fíxenme cargo un ou dous anos máis tarde daquilo que era posible recuperar; o piso do local, cheo de buratos que daban a un soto insondable, tragara boa parte das pezas ata alí levadas, pero aínda tiven a fortuna de recuperar a maioría e tamén as máis interesantes. (Méndez Quintas 2008b: 247)

Deste museo sabemos da composición dos “estantes”, a partir do “Rexistros do Museo de Tui” realizado por Álvarez Blázquez entre os anos 1933-35 (Sánchez Bargiela 2008:



Figura 1. Fotografía inédita dalgúns artefactos líticos procedentes da bisbarra tudense.
Arquivo Álvarez Blázquez.




Figura 2. Orixinal manuscrito do "Registro do Museo de Tui". Arquivo Álvarez Blázquez.




Figura 3. Fotografía tomada no ano 1934 polo propio Álvarez Blázquez, que retrata un intre da escavación do Castro de San Xoán de Baión. Arquivo Álvarez Blázquez.

53-65). Neste inventario recóllese, pormenorizadamente, o tipo e a procedencia dos materiais que conformaban os fondos do museo, e expostos nos seus estantes.

Entre as actividades arqueolóxicas desenvoltas por Álvarez Blázquez e o grupo Ultra de Fernández Costas destaca a realización de intensas prospeccións pola bisbarra de Tui e algunhas escavacións propiamente ditas, como é o caso do Castro de Cabeza de Francos (Méndez Quintas 2008b: 245-252). Asemade, tamén é digna de mención outra intervención arqueolóxica nun castro tudense, o da Guía (Álvarez Blázquez 1934; Méndez Quintas 2008b: 133-136). Fóra da bisbarra tudense nesta época temos que mencionar as escavacións desenvoltas durante o ano 1934 no castro de S. Xoán de Baión (Vilanova de Arousa), lugar onde Álvarez Blázquez pasaba os veráns en compañía da súa familia (Méndez Quintas 2008b: 209-218).

Estamos en ambos os casos ante pequenas sondaxes, nas que se tentaba definir o carácter de xacemento do lugar e caracterizalo a nivel cronolóxico. Desta época tamén temos un pequeno texto titulado “Ideas alrededor de las mámoas” (Méndez Quintas 2008b: 219-226), onde recolle algunhas reflexións sobre as características construtivas e o significado destas construcións.

piedras que cerca del Buelo se en-
 cuentra ^{a 2 m.} existe generalmente, enten-
 diendo que esa capa de piedras
 ha sido obra del hombre, la
 disposición general en los po-
 cos casos que se conocen es esta:



Para cubrirse el hueso practica-
 do en las ceremonias ~~se~~ ^{es} neces-
~~aria~~ ^{gr} cantidad de tierra un
 proceso de sedimentación,
 que sobre dichas piedras ha-
 bría de dejar bastante más de
 los 15 o 20 centímetros ~~de tie-~~

Figura 4. Manuscrito ilustrado de "Ideas alrededor de las mámoas". Archivo Álvarez Blázquez.

O EXILIO DE CORESES

Dende o ano 1935 a súa situación persoal muda substancialmente, remata os estudos de Maxisterio no ano 1934 e obtén o seu primeiro destino como mestre na escola da Guarda no 1935, aínda que posteriormente, no 1936, é destinado á escola das Olivas de Tui. Neste intre tamén comeza os seus estudos por libre de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. O ano 1936 marcaríase a lume na vida de Álvarez Blázquez, como na




Figura 5. Orixinal manuscrito de "La necrópolis prerromana de Coreses". Arquivo Álvarez Blázquez.




Figura 6. Debuxo a lapis dun bifaz procedente do Teso de Coreses, setembro de 1940. Arquivo Álvarez Blázquez.

doutros miles de galegos. O alzamento fascista do 17 de xullo traerá consigo o encarceramento e posterior asasinato do seu pai, Darío Álvarez Limeses en Tui, e traerá funestas consecuencias á súa familia. Por se non fora pouco, Álvarez Blázquez pasaría a engrosar a listaxe de mestres represaliados, sendo “destinado” á escola dunha pequena vila de Zamora, Coreses.

A pesar de todas estas desgrazas persoais, o xenio investigador de Álvarez Blázquez non se detén e mentres se atopa en Coreses realiza varias “exploracións” curtas nunha necrópole de época prerromana, da que coñecemos os seus resultados grazas a unha pequena memoria de escavación titulada “La necrópolis prerromana de Coreses” (Méndez Quintas 2008b: 227-243). Nestas investigacións puido estudar varias inhumacións, que polas súas características, cre oportuno considerar prerromanas. Ademais, no seu tempo libre, seguiría cultivando a súa afección a pasear polo campo, na procura dos antigos vestixios da presenza do ser humano, o que o levaría a recoller algúns artefactos paleolíticos e abondosos fósiles de grande antigüidade.

A COMISARÍA LOCAL DE ESCAVACIÓNS DE VIGO

Na traxectoria arqueolóxica de Álvarez Blázquez temos que destacar unha data, o ano 1949, xa que recibe o título honorífico de Comisario Local de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo, vila na que se asentara en 1941. Aínda que este “título” non traía aparelado ningún tipo de retribución económica, supuña un forte recoñecemento á súa traxectoria investigadora e que terá como resultado unha intensificación das súas investigacións.

A primeira intervención arqueolóxica en Vigo como Comisario Local de Escavacións data de setembro de 1952, onde a apertura dunha rúa nas proximidades do actual colexio Picacho puxo á vista senllos enterramentos de tégalas de época romana. Unha completa e unha parte da outra, que en ningún caso conservaban restos humanos no seu interior, aínda que se puideron recuperar algúns anacos de ferros e restos de carbóns. A noticia deste primeiro descubrimento publicouna nas páxinas do *Faro de Vigo* do 20 de setembro de 1952 titulado “Nuevos hallazgos. Para el esclarecimiento del pasado de nuestra ciudad” (Álvarez Blázquez 1952; Méndez Quintas 2008b: 255-258). Nese mesmo ano, pero xa no mes de novembro realizaría unha intervención puntual no Monte do Castro, no que escavaría unha estrutura circular que achegou un importante número de restos arqueolóxicos, como “terras sigillatas”, cerámica pintada de tradición ibera, elementos de bronce... Como en ocasións posteriores (caso da escavación de 1970 no propio Castro de Vigo e no da Illa de Toralla) Álvarez Blázquez nunca publicou, por escrito, os resultados destes traballos, polo que chegaron ata nós mencionados en estudos máis xerais, ou mencionados por outros investigadores.

AS ESTELAS ROMANAS DO AREAL

Se ben non tardaría moito en realizar un dos maiores descubrimentos da súa vida, e por ende un dos máis importantes da arqueoloxía galega; estamos a falar do descubrimento do conxunto de estelas funerarias romanas da rúa Hospital. Corría marzal de 1953, e durante a preparación das cimentacións dun edificio na esquina da devandita rúa coa de Pontevedra apareceu a primeira estela. Avisado polo contratista da obra, Álvarez Blázquez visita o lugar e decátase da importancia do achado. Conseguido o permiso do propietario do terreo, solicita a axuda municipal, era alcalde o Sr. Tomas Pérez Lorente, para emprender a escavación do lugar no procura de máis restos. Estes non se fan esperar, e ao remate da escavación, o 28 de abril dese ano, o saldo era de 30 elementos, entre estelas completas e fragmentos parciais, así como un cuantioso número de restos cerámicos de cronoloxía tamén romana.

Álvarez Blázquez estaba ante o conxunto epigráfico romano máis importante de Galicia, aínda non superado na actualidade. A noticia fíxose eco entre na prensa local, caso do *Faro de Vigo* que o amosa en portada na edición do 24 de marzo de 1953.

Nese mesmo ano celebrábase en Galicia o III Congreso Nacional de Arqueoloxía, o que foi aproveitado por Álvarez Blázquez para presentar unha noticia preliminar sobre o descubrimento e unha primeira lectura epigráfica (Álvarez Blázquez 1955; Méndez Quintas 2008b: 137-150). Como posteriormente el mesmo recoñecería, este artigo tiña erros, sobre todo no eido das lecturas epigráficas, aínda que a importancia deste artigo, polo foro onde foi publicado, supera con creces calquera dos erros cometidos. Tempo despois deste primeiro artigo publica en 1961, en compañía do gran Bouza Brey, un novo estudo moito máis traballado, no vol. XVI de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, titulado “Inscripciones



Figura 7. Instantánea do intre no que Álvarez Blázquez amosa unha das estelas ao alcalde de Vigo, Pérez Lorente.



Figura 8. Dúas das estelas funerarias procedentes da rúa Hospital de Vigo. Museo Quiñones de León de Vigo.

Romanas de Vigo” (Álvarez Blázquez e Bouza Brey 1961; Méndez Quintas 2008b: 151-188). Neste traballo analiza pormenorizadamente non só as cuestións puramente epigráficas, senón que describe e contextualiza os aspectos decorativos das estelas. Entre os aspectos máis sobresaíntes deste conxunto epigráfico, Álvarez Blázquez sinala como unha parte destas estelas fan referencia a xentes procedentes doutras zonas da Hispania romana, concretamente da poboación de *Clunia*, hoxe Coruña del Conde (Burgos).




Figura 9. Portada das actas do *III Congreso Nacional de Arqueología* de 1953, na que Álvarez Blázquez publica a primeira noticia sobre o conxunto epigráfico da rúa Hospital.

AS ARAS DE DONÓN E A CISTA DE ATIOS

Ao longo da década dos 60 e 70 Álvarez Blázquez, a pesar da súa intensa actividade cultural noutros eidos, non “baixou o ritmo” nos seus estudos sobre prehistoria e arqueoloxía. Como mostra disto, nesta época Álvarez Blázquez participa do descubrimento e estuda o conxunto de aras romanas do santuario romano do Facho de Donón (Cangas).

Descubertas a comezos dos anos 60 por Pedro Díaz e os irmáns Massó e tras un “aparatoso” rescate, pasan a instancia de Álvarez Blázquez, a formar parte dos fondos do Museo Quiñones de León de Vigo, onde se atopan actualmente. Este conxunto de aras ten a particularidade de estar dedicado a unha deidade chamada BREO ou BEROBREO de orixe indíxena, que perduraría en forma de santuario en pleno período romano. A publica-



Figura 10. Instantánea do traslado das aras do santuario romano de Donón ao Museo de Castrelos.



Figura 11. Fragmentos de ara procedentes do santuario de Donón. Museo Quiñones de León de Vigo.

ción das mesmas, asinada por Bouza Brey, en compañía de Álvarez Blázquez e Enrique Massó, faríase esperar ata o ano 1971, onde vería a luz dende o vol. XXVI de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, co título de “Las Aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío-Cangas)” (Bouza Brey; Álvarez Blázquez e Massó Bolibar 1971; Méndez Quintas 2008b: 189-206).

No veciño concello do Porriño, Álvarez Blázquez volverá dar con outro gran xacemento arqueolóxico, estamos a falar da cista de Atios. Esta aparece por mor dunhas obras de ampliación dunha das canteiras de arxila da zona no verán de 1967. O seu descubrimento débémollos a outro dos nomes importantes da arqueoloxía da comarca, Pelayo Fernández, que, coma noutras ocasións, púxose en contacto inmediatamente con Álvarez Blázquez. Trala visita ao lugar, ao día seguinte, inician a pertinente escavación.

Estaban ante un descubrimento sensacional, xa que se atopaban perante un dos poucos enterramentos deste tipo que podía ser escavado cientificamente. Os traballos permitiron documentar un completo enxoval metálico, composto por unha espada curta e unha puñal de cobre, dous cilindros de ouro e dúas espirais (unha desaparecida) de prata. O artigo, como non podía ser doutro xeito, publicouse pouco tempo despois (1970), en compañía de Fernando Acuña Castroviejo e Carlos García Martínez dende as follas do vol. XXV da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, titulado “Cista y ajuar funerario de Atios (Porriño)” (Acuña Castroviejo, Álvarez Blázquez e García Martínez 1970; Méndez Quintas 2008b: 115-132).




Figura 12. Fotografía da escavación da cista de Atios, na que observamos a Álvarez Blázquez ao pé da mesma.



Figura 13. Enxoval funerario metálico da cista de Atios. Museo Quiñones de León de Vigo.

O PIONEIRO DO PALEOLÍTICO GALEGO

O feito de deixar para o final as investigacións de Álvarez Blázquez sobre o Paleolítico non foi casual. Entre todas as facetas da investigación arqueolóxica de Álvarez Blázquez, a do Paleolítico é a que destaca por riba das demais, ben pola súa especial querenza por este período da Historia da Humanidade, ben pola transcendencia que tiveron estes estudos no contexto da historiografía arqueolóxica galega. Deste xeito, podemos afirmar que Álvarez Blázquez inaugura os estudos modernos neste eido no País.

A súa relación con este “mundo” remóntase á súa xuventude. Xa dende a súa época en Tui, sentía un especial interese, sen dúbida inhalado pola propia paixón de Fernández Costas, que xa traballara nas coñecidas estacións de Camposancos na Guarda. Este gusto, polo coñecemento das pegadas máis antigas da presenza humana, duraralle o resto da vida, xa que na compañía de amigos como Eliseo Alonso, Antonio Fernández, e especialmente de Pedro Díaz, agrandarará as ansias por coñecer estes antigos poboadores.

Se lugar a dúbidas, Tui e a súa comarca eran o lugar idóneo para achegarse a este período, xa que a día de hoxe a conca do Miño é a área que agacha a maior e mellor concentración de xacementos paleolíticos do NW peninsular. Xa nos seus primeiros escritos sobre arqueoloxía confirmamos como unha boa parte dos materiais recuperados daquela eran útiles tallados, moitos deles de cronoloxía paleolítica. De feito, unha importante parte desta colección será, tempo despois, a base do seu primeiro gran traballo sobre o paleolítico.




Figura 14. Versión inédita do mapa de distribución de achados paleolíticos, que ilustra o artigo sobre as industrias da bisbarra de Tui. Arquivo Álvarez Blázquez.




Figura 15. Debuxos de Álvarez Blázquez dun artefacto paleolítico (bifaz) recollido no artigo sobre as industrias de Tui de *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

O PALEOLÍTICO DO BAIXO MIÑO

No ano 1949 sairá á luz a súa primeira gran publicación no eido da arqueoloxía paleolítica; estamos a falar do artigo titulado “Industrias Paleolíticas de la Comarca de Tuy” publicado no fasc. XIII do núm. IV da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Álvarez Blázquez e Bouza Brey 1949; Méndez Quintas 2008b: 43-76). Asinado en compañía de Fermín Bouza Brey, neste traballo estudan a maior parte dos materiais de “filum” paleolítico recuperados polo propio Álvarez Blázquez, durante as prospeccións do grupo Ulteira de Fernández Costas na bisbarra de Tui.

Os materiais publicados (26 pezas) non son todos os recuperados inicialmente, xa que unha parte importante dos mesmos se perderon trala desaparición do museo do Instituto de Tui no 1936. Formalmente, o artigo consta dunha completa introdución á xeoloxía pleistocena da cunca baixa do Miño, na que se caracterizan os distintos tipos de depósitos fluviais existentes na zona. A isto séguelle un completo estado da cuestión sobre a investigación do paleolítico galego, onde queda patente o potencial da zona e a “dependencia” con respecto ás investigacións desenvoltas polos investigadores lusos (Abel Viana, Jalhay...) a comezos de século.

Tras isto, introdúcese xa no estudo propiamente dito dos materiais arqueolóxicos, onde queda patente o amplo coñecemento da metodoloxía da época no estudo das industrias líticas. Estes son agrupados en 5 períodos diferentes, con connotacións culturais e cronolóxicas propias: hachelense Antigo, hachelense Medio, hachelense Superior, Camposanquiense e Ancorens-Protoasturiense. Para finalizar, atopamos un extenso apartado, onde se discuten pormenorizadamente as particularidades cronolóxicas e as relacións culturais entre os distintos complexos industriais diferenciados. Estamos pois, ante unha das primeiras propostas de secuenciación do Paleolítico galego, que se matizará en traballos posteriores, e que se mantivo en vigor en Galicia ata datas máis ben recentes.

Poucos anos despois, en 1952, verá a luz o outro grande artigo sobre arqueoloxía do Paleolítico, semellante ao anterior no formal, pero cunha base xeográfica e un rexistro arqueolóxico máis amplo. Este publicouse no fasc. 3-4 do volume XIV da revista portuguesa *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, co título “Industrias paleolíticas do Baixo Miño (concellos de A Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia)” (Bouza Brey e Álvarez Blázquez 1954; Méndez Quintas 2008b: 77-110).

Neste caso o artigo encabézoa Bouza Brey e xa non se limita á bisbarra tudense, senón que abrangue boa parte do Baixo Miño, aínda que a maior concentración de material procede da parroquia de Goián (Tomiño). A novidade con respecto ao artigo precedente está no aumento substancial do conxunto material estudado, publicándose unha selección dos materiais máis “interesantes” (unhas 73 pezas). Así mesmo, unha parte importante do lote agora publicado, non proceden xa da recollida directa de Álvarez Blázquez, senón que son achegas dalgúns dos seus amigos e á vez colaboradores. Neste senso, temos

que destacar nomes como os de Antonio Fernández e Eliseo Alonso, que pacientemente xuntaron a ampla colección estudada por Álvarez Blázquez e Bouza Brey. Nesta publicación asistimos a unha puntualización das conclusións do artigo precedente, que vén ratificar a secuencia de poboación paleolítica anterior, e de concretar os condicionantes xeolóxicos que afectaron os depósitos con ocupacións do Paleolítico Medio e Superior.



Figura 16. Portada da separata do artigo “Industrias paleolíticas do Baixo Miño”, publicado na revista de *Trabalhos de Antropologia e Etnologia* do ano 1953-54.

Estes dous artigos foron as dúas grandes contribucións escritas que Álvarez Blázquez deixou na investigación do Paleolítico galego, e que foron durante moitos anos referencias ineludibles á hora de afondar nesta época. Con isto, debemos ir máis alá e podemos dicir que o seu labor neste eido non se cinguiu unicamente a estes traballos. Ao longo dos anos, Xosé María, seguiría procurando incansablemente polas beiras do Miño e nos arredores da bisbarra de Vigo estas antigas pegadas da presenza humana. Neste afán, asistiría a un dos grandes fitos da investigación arqueolóxica galega: estamos a falar do descubrimento e posterior estudo do xacemento paleolítico das Gándaras de Budiño (O Porriño).

AS GÁNDARAS DE BUDIÑO

O xacemento das Gándaras de Budiño descubriuno o xeógrafo francés Henri Nonn no ano 1961 durante a elaboración da súa tese de doutoramento. Este era un traballo eminentemente xeolóxico, pero durante o estudo dos sedimentos da cunca do Louro, decatouse da presenza de materiais líticos de aspecto paleolítico (Nonn 1966).

Posto en coñecemento de Álvarez Blázquez, e consciente da importancia do descubrimento e da oportunidade que se lle presentaba, decidiu emprender unha campaña de



Figura 17. Fotografía tirada do libro *Vigo en su Historia* na que observamos a Álvarez Blázquez (bastón sinalando a posición dun bifaz no xacemento das Gándaras de Budiño).

prospeccións na zona, que se prolongaría durante os anos 1961-62, recuperando unha inxente cantidade de materiais arqueolóxicos, tanto en superficie, como en posición estratigráfica.

Ante a potencialidade do xacemento, Álvarez Blázquez tomou unha posición de cautela e en vez de escavalo directamente, ponse en contacto co eminente paleontólogo Emiliano Aguirre. Por aquel intre Aguirre formaba parte do equipo internacional que, baixo a dirección do arqueólogo americano F. C. Howell, escavaba nos xacementos arqueopaleontolóxicos de Ambrona e Torralba (Soria). Trala visita de Aguirre ás Gándaras, proxéctase unha campaña de sondaxes que se desenvolvería durante o verán do ano 1963 (coa axuda financeira da Wenner-Green Foundation americana).

Estes traballos documentarían importantes concentracións de ferramentas de pedra (asociadas a zafras) que foron interpretadas como obradoiros (Aguirre 1964). Álvarez Blázquez estivo en todo momento involucrado, tanto na escavación, coma na posterior clasificación dos materiais recuperados no transcurso desta primeira campaña. As expectativas sobre o xacemento cumpríronse e Budiño erixiuse nun dos xacementos hache-lenses máis importantes, e á vez controvertidos, da Península Ibérica².

REFLEXIÓNS SOBRE AS SÚAS ACHEGAS Á ARQUEOLOXÍA GALEGA

Como puidemos comprobar nas liñas precedentes foron moitas e variadas as achegas de Álvarez Blázquez á arqueoloxía galega. Ao bo facer de Álvarez Blázquez debemos descubrimentos tan sensacionais coma o das estelas da rúa Hospital, a cista de Atios ou o propio xacemento de Budiño. Estamos ante descubrimentos excepcionais que en moitos



Figura 18. Fotografía (Nonn 1967: 103) na que observamos a colección de materiais recuperados por Álvarez Blázquez no xacemento das Gándaras de Budiño.




Figura 19. Mostra de útiles paleolíticos (bifaz e fendedor) procedentes das escavacións de Aguire en Budiño. Museo Quiñones de León de Vigo.

casos aínda non foron superados. Agora ben, se analizamos os seus estudos dende unha óptica máis xeral, tendo en conta a tradición historiográfica arqueolóxica galega, temos que afirmar que as súas investigacións no campo do Paleolítico son moi importantes e novidosas

Estas investigacións teñen unha grande importancia, tanto pola orixinalidade no contexto académico galego, como pola aplicación da metodoloxía máis avanzada da época. Nun contexto científico, no que a investigación sobre o Paleolítico espertaba poucas ou ningunhas simpatías, é do máximo interese a iniciativa desenvolta por Álvarez Blázquez. Sobre todo debemos destacar a valentía, á hora de artellar a primeira secuenciación da ocupación paleolítica galega, baseada nos materiais recuperados no Baixo Miño.

A maiores do anterior, temos que destacar outra das grandes virtudes de Álvarez Blázquez: o seu afán por divulgar o coñecemento. Nun tempo no que a ciencia arqueolóxica galega se atopa espertando dun longo período de “burocratización”, temos que recordar e axeonllarnos diante de persoas coma Álvarez Blázquez que cuns recursos moi reducidos, pero con gran convicción, construíron e divulgaron a Historia máis antiga do País. Pasados xa algúns anos, podemos afirmar que o volume de información acadado nas últimas décadas, en función da relación entre recursos humanos e técnicos, é sensiblemente inferior á obtida por Álvarez Blázquez e os seus coetáneos. Por iso debemos de botar a vista cara a atrás, preguntarnos que é o que está fallando, e recorrer, na medida do posible, ao espírito dos pioneiros da arqueoloxía galega, que coma Álvarez Blázquez divulgaban incansablemente os seus descubrimentos para que estes reverteran na sociedade, ávida consumidora de todo o que teña que ver co pasado.



Figura 20. Conferencia a mediados dos 50, na que observamos a Álvarez Blázquez sostendo un bifaz e a Eliseo Alonso en segundo plano. Arquivo Álvarez Blázquez.

BIBLIOGRAFÍA TEMÁTICA SOBRE A ARQUEOLOXÍA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

- Acuña Castroviejo, Fernando; Álvarez Blázquez, Xosé María e García Martínez, Carlos (1970): “Cista y ajuar funerario de Atios. Porriño”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXV, pp. 20-36.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1934a): “Ideas arredor das mámoas” [orixinal manuscrito en castelán].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1934b): “Castro de S. Xoán de Baión. Campaña de 1934” [orixinal mecanografiado en galego].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1935): “Rexistro do Museo de Tui” [orixinal manuscrito en galego].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1935b): “O Castro de A Guía”, Tude. Revista editada polos estudantes de bacharelato do Instituto de Tui, Ano I, núm. 2 e 3, pp. 6-7.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1941): “A necrópole prerromana de Coreses”, [orixinal manuscrito en castelán].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1948): “O Castro de Cabeza de Francos”, [orixinal manuscrito en castelán].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1952): “Nuevos hallazgos. Para el esclarecimiento del pasado de nuestra ciudad”, *Faro de Vigo*, 20 de setembro, pp. 1-2.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1955): “Hallazgo de estelas funerarias romanas en Vigo (Pontevedra)”, in *III Congreso Nacional de Arqueología (Galicia 1953)*, pp. 462-475.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1962a): “Cartas a mis hijos. En torno a la historia de Vigo. I Infancia”, *Faro de Vigo*, 22 de maio, pp. 12.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1962b): “Cartas a mis hijos. En torno a la historia de Vigo. II. Artesanos y Magos”, *Faro de Vigo*, 30 de maio, pp. 11.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1962c): “Cartas a mis hijos. En torno a la historia de Vigo. III Industriales y Guerreros”, *Faro de Vigo*, 5 de xuño, pp. 14.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1964): “Estudo da estación Paleolítica das Gándaras de Budiño (Pontevedra)”, *Grial* 9, pp. 374-375.
- Álvarez Blázquez, Xosé María e Bouza Brey, Fermín (1949): “Industrias Paleolíticas de la comarca de Tuy”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* IV, fasc. XIII, pp. 201-250.
- Álvarez Blázquez, Xosé María e Bouza Brey, Fermín (1961): “Inscripciones romanas en Vigo”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XVI, pp. 5-42.
- Álvarez Blázquez, Xosé María e Bouza Brey, Fermín (1961): “Inscripciones romanas en Vigo”, in José Filgueira Valverde e A. D’ors, A., *Inscripciones romanas de Galicia. Volumen III. Museo de Pontevedra*, Suplemento ao volume III, Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento Santiago”.
- Álvarez Blázquez, Xosé María, Costas Goberna, Fernando J. e Hidalgo Cuñarro, José Manuel (1980): *Vigo Arqueológico*. Vigo: Publicacións do Museo Municipal Quiñones de León, núm. 2.
- Bouza Brey, Ferín e Álvarez Blázquez, Xosé María (1954): “Industrias paleolíticas do Baixo Miño (concellos de A Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia)”, *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. XIV, fasc. 1-4, pp. 5-65.
- Bouza Brey, Fermín, Álvarez Blázquez, Xosé María e Massó Bolibar, E. (1971): “Las aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío-Cangas)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXVI, pp. 201-250.

BIBLIOGRAFÍA

- Aguirre, Emiliano (1964): *Las Gándaras de Budiño*. Excavaciones Arqueológicas en España, 31. Ministerio de Cultura.
- Álvarez Cáccamo, Alfonso (1994): *Galegos na Histotia: Xosé María Álvarez Blázquez*. Vigo: Edicións Ir Indo.
- Álvarez Cáccamo, Xosé María (2008): *Tempo do pai*. Vigo: Galaxia.
- Cabana, Darío Xohán (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*. Vigo: Xerais.
- Méndez Quintas, Eduardo (2007a): “El yacimiento achelense de As Gándaras de Budiño. La industria en facies fluviales”, *Complutum* 18, pp. 27-45.
- Méndez Quintas, Eduardo (2007b): “La industria lítica de las facies coluviales del yacimiento achelense de As Gándaras de Budiño. El locus V en las excavaciones de Vidal Encinas”, *Zephyrus* 60, pp. 25-47.

- Méndez Quintas, Eduardo (2008a): “As ocupacións achelenses das terrazas medias da conca baixa do río Miño”, *Gallaecia* 27, pp. 7-33.
- Méndez Quintas, Eduardo (2008b): *Homenaxe a X. M. Álvarez Blázquez. Escritos sobre arqueoloxía de Xosé María Álvarez Blázquez* (I). Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.
- Méndez Quintas, Eduardo (2008c): “Novas consideracións entornó ó xacemento achelense das Gándaras de Budiño”, *Férvedes* 5, pp. 95-104.
- Méndez Quintas, Eduardo; Santonja, Manuel e Pérez-González, Alfredo (2008): “O Paleolítico Antigo na Península Ibérica”, en Méndez Quintas, E. (coord.): *Homenaxe a X. M. Álvarez Blázquez (II): Estudos sobre Paleolítico*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, pp. 21-74.
- Nonn, Henri (1966): *Les Régions Côtières de la Galice (Espagne). Étude géomorphologique*. París: Publications de la Faculté de Lettres de L’université de Strasbourg.
- Nonn, Henri (1967): “Presentación de algunos depositos superficiales recientes en Galicia occidental”, *Notas y Comunicaciones del Instituto Geológico y Minero de España* 95, pp. 89-105.
- Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez e Tui. Da vella casa ao corazón aberto*. Tui: Concello de Tui.
- VV. AA. (1980): *Vigo en su Historia*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo.

Agradecementos

Ao Comité Organizador do Congreso Álvarez Blázquez pola súa amable invitación para participar nel, e como non podía ser doutro xeito, á familia de Álvarez Blázquez, polas facilidades na consulta da súa documentación orixinal e pola cesión da mesma para a súa publicación.

NOTAS

- 1 A reedición dunha escolma dos seus traballos neste campo, tanto publicados coma inéditos, podémola consultar en Méndez Quintas, 2008b.
- 2 A problemática sobre este xacemento é variada e complexa, polo que recomendamos a lectura de bibliografía específica sobre o tema (Méndez Quintas 2007a, 2007b, 2008a, 2008c; Méndez Quintas, Santonja e Pérez González 2008).